

Xestionado por [Vieiros](#)

## PREMIO

### **Jaureguizar leva o 'Terra de Melide' con 'O globo de Shakespeare'**

Edicións Xerais encargárase de publicar a obra do escritor e xornalista.

Redacción - 14:40 09/06/2008

O escritor e xornalista [Santiago Jaureguizar](#) fíxose este sábado co galardón da edición 2008 do premio de creación literaria "Terra de Melide" coa súa novela *O globo de Shakespeare*. O xurado estivo composto por Xesus Manuel Marcos, Xaquín Vázquez, Anton Pedreira, Óscar Sánchez e Manuel Bragado.

O libro conta como o descubrimento do manuscrito do primeiro 'Hamlet' que levaba perdido dende finais do século XVI nun pazo do Ribadeo do século XXI altera a vida dos seus tres habitantes: o titiriteiro Ricardo, o pintor Leandro e a ama de chaves Celia. Na farsa concorren asemade unha prostituta que continúa exercendo porque se sente soa e un actor secundario de western obsesionado con matar a un ex presidente español porque o goberno que presidía promulgou unha lei do cinema que, na súa percepción, deixouno sen traballo.

A obra será publicada por Xerais.